



REVISTA LITERARIA E CULTURAL BRIGANTINA
Nº "0"
ABRIL 1992

No 0 Abril 1992

DIRECCION: AVELAINA

Mesa de redacción:

- Daniel Martínez García.
- Julián Ferrer García.
- Isabel Maceira Cortés.

Colaboran en este número:

- Juan Vázquez Pousada.
- Inés Lareo Sánchez.
- Victoria Penide López.
- Cristina Pariente.
- Lara Serrano Arreba.
- Sergio Novo Porto.
- Sergio Platas Platas.
- Juan Pablo Romay Cea.

Dibujan

- Jorge Saavedra
- José T. Díaz Teijo.
- María Álvarez Teijeiro.
- Pablo Regueira Reyes.
- Juan Pablo Romay Cea.

Diseño: Avelaiña

Dirección:
Apartado de Correos 97.
Betanzos

SUMARIO

Portada:

Jorge Saavedra

1 - Editorial:

AVELAINA

2 - Entrevista:

Isabel Maceira.

6 - Verbas:

Maribel

8 - O Noso Futuro

9 - La leyenda del pájaro solitario.

Juan Vázquez Pousada

10 - Tradicións:

Julian Ferrer.

12 - Ecos sociais.

Avelaiña.

13 - Co ollo crítico:

Avelaiña

14 - Paseemos por:

O Viaxeiro errante.

16 - Para leer, para oír, para ver.


Meléndez

18 - Noticias:

Inés y Victoria

Contraportada:

José T. Díaz Teijo.



Unha das preguntas que se fai o home como esencial, é a súa orixe e a súa fin. Eu tamén. ¿Cal é a miña orixe? As inquietudes literarias e culturais de un grupiño de xente, e a súa manifestación nun recital poético. Falando, falando, pensaron que na nosa cidade, Betanzos, había un espazo cultural baleiro, e trátano de cubrir. Non é que as manifestacións culturais e literarias estean fóra do noso ámbito, pois temos as revistas "Anuario" e "Untia", de recoñecido prestixio, senón que eu trato de estar máis preto de vós; como se dixeramos, ó día. Elas fan un traballo serio, meditado; eu quero se-lo reflexo de todos vós, a portadora das vosas inquietudes, a vida diaria. Coido que é o que nos falta, pois elas acércannos á realidade, pero de máis lonxe, e non é a súa misión descubri-lo que hai de novo nas inquietudes da nosa xente, senón testemuña-la realidade que temos. Eu trato de ser iso, a vida do noso entorno, o que somos e o que pensamos; as inquietudes culturais e literarias dos brigantinos... e de todos aqueles que teñan algo de que falarmos.


Porque a miña fin sodes vós. E non só coma léctores, senón contando a vosas cousas. ¿Quen? Todo o que teña algo que decir: os vellos pola súa experiencia e as súas lembranzas; os xoves os seus primeiros pasos neste mundo das letras, e as súas inquietudes novas, moi novas... e moi interesantes; as Amas de casa as súas preocupacións; as asociacións culturais e deportivas o seu desenvolvemento; e todos, esas pequenas cousas que quixeramos ver nos papeis, e non temos ocasión de ve-las. Un poema, un conto, unha lenda, un pensamento... todo isto podeades ve-lo reflexado nas miñas follas. ¡Adiante! Espérovos.

A miña fal será o galego, como son eu, mais vós podeades falar me na que queirades. A literatura e a cultura non teñen lingua; o seu idioma ten que ser aberto, e poñemos máis preto uns dos outros, coma irmáns, e non face-la división que algún parece querer. Amarémo-la nosa lingua, mais non fronte ás outras, senón ó seu lado. Defende-la nosa cultura, a nosa lingua, coñecendo tamén outras sen se-la súa escrava nin aloxándoas de nós: "Xuntos mellor".

Tanto falei, que me esqueci da miña presentación. Perdoade. Chámome AVELAIÑA, bolboretta da luz, dos focos, que leva sorte á persoa sobre quen se pousa. Quixera se-la vos a e que vos sexade-la miña.

Neste primeiro ensaio, número 0, un saúdo moi agarimoso á nosa "Banda Municipal" pola súa volta ó Palco co concerto dos domingos. ¡Que non sexa lune de hoxe e fume de mañá!

Entrevista



A persoa elexida nesta ocasión é un representante da banda municipal. ¿Quén mellor para representala que o seu director, que é tamén o director da escola de música municipal. No tempo que estivemos a falar con él semellounos unha grande persoa, poseedora dunha grande calidade humana.

Supoñemos que o acabar de ler isto vostedes estarán de acordo con nos. O seu nome é Antonio Calo pero todos o coñecen por "O Purri".

- ¿Qué foi o que o achegou a vostede ó mundo da música?

- A beleza, esa gran beleza, o seu gran atractivo, eu penso que sin dúbida é a lingua dos deuses.

- ¿Había na súa familia antecedentes musicais?

- Si, o meu pai era músico. Antiguamente en Betanzos había unha grande afición pola música, moitas orquestras no pobo e nos aledaños, movementos de coros e rondallas, hoxe parece que se perdeu un pouco esta afición. Certo é que entón non había tanto traballo coma hoxe, nin tantos cartos, claro.

- Segun as nosas informacións vostede é un home de moito mundo. ¿Non si?

- Pois o chegares o momento de face-lo servizo militar considereí que sería máis fructuoso para min ir a outro lugar en vez de face-la mili, xa que eu non teño espírito militar, nin me agrada nada todo iso. Eu tiña as miñas inquietudes musicais. Así os vinte anos marcheí para Brasil, despois Inglaterra, Estados Unidos, retornei a Inglaterra, Madrid, Torremolinos, Mallorca, Betanzos..., entre outras moitas cousas.

- Pero, nos temos oído que vostede acompañou a cantantes de grande sona a nivel popular. ¿Podería vostede nomear algunhas destas persoas?

- Si, en Madrid traballei con cantantes famosos que era o que rendía cartos. A primeira persoa que acompañei foi a difunta Cecilia; era unha muller moi talentosa. Despois, Camilo Sexto, Xulio Iglesias..., ese é outro mundillo. Pero a nivel musical non aprendes tampouco moito.

- O voltares vostede a Betanzos. ¿De dónde nace a idea de formar a escola municipal e a banda?

- Bue, eu xa probei hai anos a facer unha escola no hospital; de ahí surxe a charanga, a orquesta de Jazz; pero económicamente non me rendía demasiado, porque a nivel económico sempre fun un desastre. Eu considero que a enseñanza debe ser gratuíta para todo o mundo.

- Agora isto está suvencionado ¿Non si?

- Si, o local, os instrumentos, os uniformes, en definitiva os medios.



- ¿ Para ingresar na escola fai falla algún coñecemento musical?.

- Non; esto abriuse, e a xente foise achegando e elexindo os instrumentos que desexaba. As únicas preguntas que se lle facían eran: "¿Como te chamas?, ¿ Qué instrumento desexas?".

- ¿ A parte dos instrumentos ensínase tamén solfeo?

- Por suposto; todos teñen que coñece-las partituras; ,senón é imposible. De orellada nada.

Observamos que aquí conviven xentes de moitas edades, ben distintas por certo. ¿ Qué tal é a convivencia?.

- A nivel social é un grande éxito, pois a diferenza de os demais sistemas de enseñanza onde a xente da mesma idade agrupase entorn dun curso, aquí é totalmente diferente; podes atopar un rapaz de dez anos tocando cunha persoa de 70, pois tamén temos xente maior. Por outra banda xúntanse tamén aquí xentes de distintos barrios e distintos niveis sociais; o amor pola música aglutinaos.

-¿Poderemos pois concluir que a relación é enriquecedora?.

- De iso non hai dúbida; establécense unhas relacións entre xentes que teñen un interese en común para acadar un fin. Probablemente estas relacións non tivesen lugar se non fose baixo a maxia do manto da música.

- O motivo da ocorrencia da entrevista foi o último concerto que diron vostedes no palco. ¿ Hai alguha perspectiva de continuidade deses concertos de forma secuencial?.

- Non cho podo dicir; para nos montar un número é un traballo verdaderamente enorme, xa que atopamos demasiadas dificultades, sobre todo de tempo: os rapaces teñen as escolas, os exames; os maiores os seus traballos. O feito de ter carácter voluntario e ó non seres profesionais da música fai que calquera traballo montado teña moito máis valor.

- ¿ Entón o problema fundamental é de tempo?.

- Efectivamente así é, pero tamén coller un ritmo de estudio continuo, porque para estudar precisas concentrarte e habituarte; unha vez que teña-lo hábito este vai medrando e facendose máis grande, non soio na música, senón que en todo; a dedicación en este intre, dásele a que se pode, dadas as circunstancias. Aínda que a marcha é bastante espectacular xa que en menos de dous anos xa fixemos bastantes actuacións. A banda está preparada para saír humildemente pero bastante decentemente o mesmo tempo. Eu matino que é un logro, un logro bastante notable , pero de aquí a pasares a unha interrupción no eido profesional, iso xa supón moitísimo máis esforzo por parte de todos nós, por suposto.

- Xa que estamos a falar de logros, que sonos ou que logros lle gustaría alcanzar

- Nestas condicións non vexo unha gran banda, eso sería unha utopía. Podo ver en todo momento unha banda, banda que sae da escola, pero que non producirá escola. Entón, o punto básico e orixinal; sempre será a enseñanza, é dicir, estar sempre ensinándonos os uns os outros. Pero polo momento eu non atopei aquí ningún alumno que tomase a decisión tanto pola súa banda como pola de os seus pais de dedicarse unicamente a música. Está a cuestión social e os sistemas de enseñanza.



- Nestes intres, nos novos diseños da educación empézaselle a prestar máis atención a este campo. ¿Pensa vostede que esto pode facer mellorar a situación deste arte?

- Dubido moito que ista ensinanza poida ser feita a nivel masivo; require moita atención e moita dedicación. A música conta moitas cousas da persoa que esta a interpreta-la e detectase enseguida se a persoa que está a interpretar é talentosa ou non o é, se ten tendencia a mecánica.... O feito de meterse nunha clase e insinar a 30 rapaces o mesmo tempo non che é nada doado. Eso si, eu considero que está moi ben desperta-lo interés e o gusto pola música, pola boa música.

... ¿Pensa vostede que na sociedade actual somos uns grandes consumidores de música?

- Si, pero consumidores dunha música fácil, na que as grandes emprsas están a marcar quen debe de ser oído, quen merece a pena e, de algun xeito, condena o silencio a moita xente talentosa. As multinacionais están a decidir por nos de tal xeito nos uniforman. A música que hoxe está a ecoitarse aquí, nas grandes emisoras, é a mesma que se escoita en tódolos lugares do mundo. En xeral diríamos que estamos dominados polas multinacionais que hoxe por hoxe son as que detectan o poder. Se non pensas así, pensa nos "cuarenta principais", eso chamase música de consumo.

... En iso máis ou menos estamos de acordo; de ahí voltamos a o de antes, a educación, a necesidade de crear música cos instrumentos e co propio corpo.

- Iso é indudable; de algún xeito todos temos un senso do ritmo, ritmo que transmitimos en tódolos actos da nosa vida. Só fai falla ollar para a xente e ver os ritmos que transmiten. Pero é anecdótico ver en que medida somos insensibles a isto. Por exemplo, o comenzares aquí, se houbese guitarra habería moita máis demanda, xa que, hoxe por hoxe, na nosa sociedade é un dos instrumentos máis demandados, xunto coa batería; sen embargo téndese a esquecer a beleza dunha flauta, dunha tromba, dun bboe, que tenden a ser instrumentos descoñecidos, que non forman parte da candilexa da vida.

-¿ Quere con iso dicir que acadariamos todos nunha uniformidade de criterio e de pensamento?

- Exactamente; de algún xeito, senón poñemos remedio, acadaremos niso, perdendo unha grande parte da beleza dos instrumentos igual que noutras cousas da vida.

... ¿Qué músico ou que músicos históricos admira máis vostede?

... E qué hai tantos, Mozart é moi interesante, pero cada cousa no seu tempo; quero dicir con isto que sen dúbida a música reflexa a situacións social duha época. Nos tempos os que estamos a vivir penso que se os clásicos non estivesen suvencionados, e tivesen que vivir pola sua inercia, pola sua demanda de consumo, probablemente non sobrevivirían. Particularmente penso que dada a oferta e a demanda hoxe non sobreviviría ningunha orquesta de música clásica, a non seres por que é música protexida, cousa con a que eu estou totalmente de acordo, porque non debe deixarse esquecer nunca, xa que é parte da nosa cultura; pero non é un espello fidedigno do que está a acontecer hoxe e agora.

... ¿ Pero non é a música algo atemporal, é dicir algo polo que non pasa o tempo?.



- Non, que va; a música é moi descriptiva, reflexa calquera cousa; incluso unha paisaxe que ti queiras contar, tempos, ti acordaste de cousas que aconteceron b escoitares unha canción. Na música a cuestión tempo é super excelente. Non é o mesmo a sociedade de

hoxe que a de fai cen anos, nin a que será dentro de vinte anos. Certo é que perdurará a boa música, xa que o que é bon, é bon e iso si que é atemporal. A música é unha forma de conversa, de toma de contacto co que está a acontecer diante de ti. E por iso que eu digo que non é o mesmo a que está a aconteceres hoxe co que aconteceu hai 200 ou 300 anos.

- ¿ Non é unha conversa do home co instrumento?, nese senso penso eu sería atemporal.

- O home, o instrumento e o medio que o rodea; nunca debes esquecer-lo medio.

- ¿ Entón pensa vostede que os sentimentos cambian o longo dos tempos, ou son sempre os mesmos?.

- Se non variaran a humanidade non variaría. Eu matino que o que permanece son os valores intrínsecos da persoa, as reaccións que as veces por desgracia son atenuadas. Oxalá fosemos quen de manifestarnos tal é como somos, con toda a naturalidade. Eu penso que cada un debe de manifestarse de acordo coa súa conciencia, pero como non é moi productivo facelo, penso que imos quedando así.

- ¿ Qué estilo de música lle gusta a vostede máis?

- Pois b que máis me atrae é o terreo do Jazz, xa que está moi ben elaborado, e aparte require moita atención, moita concentración, e toda a oportunidade de desenrolo dentro do esqueleto xeral para que ti poidas traballar sobre ilo. Dache responsabilidade, pero o auténtico responsable eres ti.

- Moitas graziñas pola súa amabilidade, moita ventura na escola, e un gran desexo de que "a nosa banda siga adiante". Nunca mellor dito aquilo de que : " co esforzo duns poucos son felices moitos". Noraboa para estes rapaces, sexa cal sexa a súa idade, condición, traballo". Graziñas b seu director pola súa amabilidade.

ISABEL MACEIRAS





Verbas



Dende a miña nenez lembro o palco da música como un espacio baleiro; está ali como morriño e calada testemuña de algo que eu non era quen de sabe-lo que era. Nos meus xogos infantís gustábame pendurarme no seu pasamans, brincar polo seus escalons cantando algunha cantiga infantil. As veces, dende enriba, ollaba para a Diana, e gustábame vela de outro xeito, case como quen di falándolle á cara. Nalguhas ocasións servíume como lugar de cita para quedares con alguén, outras veces de refuxio momentáneo cando empezaba a chover. Sendo o meu fillo pequerrecho, a súa sombra ollou os seus primeiros pasos, as primeiras carreiras, e a aprendeu a andar na bicicleta.

O noso palco é algo fermoso, asociado ás nosas lembranzas. Sempre estivo alí, pero poucas veces tivemos-la ocasión de te-lo gozo da visión do uso para o que foi orixinariamente concebido. Por fin, o día 22 de febreiro, tivemos-la inmensa sorte de disfrutar de esa delicia.

A banda municipal subiu as escaleiras, ocuparon os seus postos e, a orde do seu director, escomenzou a sona-la música; o día era soleado, e os parroquianos disfrutamos do placer de toma-lo sol agarimados polas alegres notas musicais que fuxían dos instrumentos.

Por unos momentos semelloume un sono. Aquel espacio baleiro estaba a ser ocupado e usado para o fin polo que fora deseñado, construído e remodelado.

Deixei voar o meu maxín, e semelloume escoitar o meu tío Enrique, que me contaba as cousas da súa mocidade. Semelloume escoita-la súa voz cando me dicía:

Escoita meniña, cando eu era mozo coma ti, íamos a misa, e despois achegabámonos ó campo. Os rapaces brincabamos, corríamos e desfilabamos con máis ou menos marcialidade, ós acordes musicais; os mozos e as mozas sen compromiso xogaban coas olladas (ese era case que o único xogo amoroso permitido para nos); os que xa tiñan compromiso, intercambiaban palabras cheas de amor, soños e promesas dun futuro delicioso. Algunhas parellas dicíandose a marcar uns pasos de baile; toda unha lingua de xestos, miradas e suaves caricias. Algúns aproveitaban os bancos para sentarse e intercambia-las novas do día, falar dos chismes da capital, en definitiva, facer uso do máis maravilloso do que temos os seres humanos "a palabra". Este era o momento de luci-la


maravillosas roupas nun fermoso e incomparable escaparate: saias, blusas, chaquetas, zapatos, botas, botíns, sombreiros, reloxios, xoiás... todo o que merecía a pena ser ensinado. Podes pensar, rapaciña, que isto prestábase a presunción, o chismorreio e a rivalidade, e eu preguntóche: ¿Qué momento da vida non se presta a este xogo?. De todos os xeitos, non hai nada máis agradable que soportar que eses "vicios", nunha sociedade na que as súas críticas cubren a admiración despertada por un traxe de última moda. Envexa ou admiración, pero endexamáis desexo de mal. Enfin, rapaza, era unha reunión social ó aire libre, un xogo no que todos nos coñecíamos, saudabámonos, misturabámonos: "o domingo era día de festa..."



Este domingo non era como calqueira outro; olía a festa; todo o meu corpo sentíase máis lixeiro, e desexaba danzar o compás das notas. Mentres a banda tocaba estaba a mirar para a xente, que se atopaba preto de min. Matinaba se sentirían o mesmo que sintía eu, pero soio con ollar as súas caras sorridentes, relaxadas, tiven a corazonada de que non era eu a única poseedora do pracer que estaba a disfrutar, e o son da música perdín o senso da miña individualidade, sentínme feliz, e con ganas de compartir a miña felicidade. O milagre fora feito por persoas voluntariosas e disciplinadas, que con arte manexan uns instrumentos e, como si foran unha soa persoa, arrincan armoniosos son.

Por uns momentos sentín dentro de min que as lembranzas do tío Enrique fundíanse co que eu estaba a sentir neses intres. O día era morno e luminoso, a pesares de ser o mes de febreiro, e anunciaba que a primavera estaba a piques de chegare. Así, durante un tempo, sentín como se xuntaban o pasado, o presente e o futuro, e a mesturanza de esos tres tempos verbais semellome maravilloso, tan maravilloso, que agora, estando a escribir, non teño demasiado claro onde está a fronteira do sono e da realidade.

ISABEL MACEIRAS




O noso futuro

Ista é das páxinas que AVELAÍÑA vai tratar con máis cariño, adicada ós mozos que comenczan face-los seus primeiros pasos no mundo da literatura. Quixeramos se-lo estímulo para maiores vós; que espreguicen as suas ás, e voen polo mudo da imaxinación, como avelaiñas.

Neste número "0" teremos unhas mostras do seu facer. Os poemas curtos fixemolos cunha maquinilla que chamamos "mecano poético". Catro nomes nas esquinas dun rectángulo, e xogamos con eles. Unimos e separamose iste é o resultado. Son nenos de 80 de EGB.

Sol, cielo pájaros y árboles,
la vida ellos forman.
Cielo con sol;
árboles con pájaros.
Sol, cielo, pájaros, árboles,
cielo de pájaros.
Sol sin árboles.
Sol, cielo, pájaros, árboles,
sin ellos no hay vida.
Sergio Platas

Flor de amor;
amor en el horizonte;
horizonte en flor;
amor sobre el mar,
mar de amor
Sergio Novo Porto



Historias del alma;
luz de vida.
La luz y el alma...
Ni poesía.
Cristina Pariente

Ojos con lágrimas,
lágrimas hacia el cielo,
cielo sin vida,
vida de lágrimas.
¡Ojos! más de una vida.
¡Ojos! toda una vida.
Lara Serrano Arreba

Y LLEGO EL HOMBRE

En la profundidad de los bosques del Sur, convivían no hace mucho tiempo dos especies de animales: los Ropexnos y los Persalmonballos. Se alimentaban de pequeños frutos, y su vida era tranquila y sencilla.

Mientras tanto, en una lejana tierra del Norte, el fuego había convertido a los bosques y praderas en un infierno de montañas de ceniza seca y hambre.

Sólo los más fuertes sobrevivieron, los Cervadriquinos y los Tiragrosos, que avanzaron hacia las tierras del Sur, e invadieron sus bosques.

Con ello se amenazaba el ecosistema de los pacíficos Ropexnos y Persalmonballos, ya que los Cervadriquinos y Tiragrosos eran grandes depredadores y, además de alimentarse de los otros

animales, destruían los bosques, puesto que eran muy grandes y pesados.


Sólo quedaban unas docenas de Ropexnos Persalmonballos, que vivían debajo de la tierra, entre las raíces de los árboles.

Los depredadores los arrancaban, y devoraban a los pequeños animales.

pero llegó un tiempo en el que no quedaron ya más Ropexnos ni Persalmonballos, y los Cervadriquinos y Tiragrosos hicieron de los bosques del Sur un auténtico desierto, y lo abandonaron para destruir y acabar con las demás tierras.

Al cabo del tiempo solamente quedaban dos formas de vida: Tiragrosos y Cervadriquinos. Los primeros acabaron con los segundos, y más tarde, se denominaron HOMBRES.

Juan Pablo Romay 8º EGB



LA LEYENDA DEL PAJARO SOLITARIO

Contaba un viejo fraile descalzo, a los pocos que todavía querían escucharle, tumbado en su lecho, demarcador por el peso del tiempo y con esa oscura dama sonriente llamando ya a su puerta, la historia de un pájaro solitario, un minúsculo ser hecho de plumas y llanto que en vez de lágrimas lloraba pedazos de vida transparentes y fríos como el rocío en primavera, llamaradas azules que consumen pero no queman. Su vida era vacío sin medidas infinito contagiado a todos sus sentidos, intenciones perfectas, injusticias manifiestas y ternura no pretendida aunque supuesta. Pero lloraba de alegría porque había algo verdadero en su vida.


Si y su rama estaba allí, quieta, impasible, esperando cada día a la caída del sol su llegada. Ofreciéndole con complicidad un sitio seguro desde donde poder contemplar en secreto su tierna amapola. Y su flor coloreada, sumergida en la pradera, se mecía con la brisa y teñía de rojo sus pupilas grises, porque estaban tristes, porque se creía observada.

¡ Qué poco importa todo lo demás! Los deseos precedentes a los recuerdos impotentes, las imágenes pasadas todavía sugerentes. Ella no sabía nada, tan sólo se limitaba a ser, a inundar todo de una pureza sencilla, de una sencillez pura. Y aquél desde su rama, en silencio la miraba, en silencio la quería y en eso su consuelo encontraba. Añoraba la simbiosis de tallo y rama, el contacto piel con piel de un abrazo nunca dado, la eternidad perpetua. Y entonces, mientras penetraba la espina larga y afilada, envolvió su agonía en el canto más bello y dulce sobre la faz de la tierra. Todo el mundo enmudeció para escuchar y Dios sonrió en el cielo....

Al menos así lo decía la leyenda, al menos así la contó aquel fraile descalzo, porque el pájaro era él y yo soy el fraile.

JUAN VÁZQUEZ POUSADA

Traditions



Dende o primeiro número da recén nada revista quixemos prestar atención a unha vía de creación presente na vida de Betanzos e a súa comarca. A tradición popular, aquela que se transmite a través do oral, moitas veces parte dunha creación culta, mais incorpórase de tal xeito que pronto é modificada, enriquecida aínda, re-lida pola comunidade que a adopta, e mesmo polos individuos que a transmiten. Neste senso, adicar esta sección á realidade


etnográfica, antropolóxica, folclórica -como se queira, que non temos pretensións terminolóxicas- é prestar atención a unha realidade creativa que se abre a todos os habitantes ou colectividades do noso ámbito.

Neste número introductorio adicamos unha boa parte das páxinas a temas relacionados coa música, e tamén neste eido a tradición é dabondo rica. Tanto que agora quixeríamos tan só facer unha somera presentación de feitos que en números posteriores gustaríanos tratar máis por miúdo.

A música en Betanzos, mesmo hoxe, forma parte dunha das representacións máis sobranceiras da cidade. Conta con grupos estables como a Banda Municipal, a Agrupación de Pulso e Púa "Carlos Seijo" ou a Coral polifónica, os que se engaden grupos de gaitas como o xa ben consolidado das Angustias "Pasiño a Pasiño".

Sen esquecer figuras individuais que non imos agora mencionar por non dilata-la lista. Toda unha actividade musical asentada sobre dunha tradición plasmada xa a finais do século XIV na ábside da igrexa de San Francisco. Alí represéntase unha iconografía ligada o xuízo final, tra-la chamada dos anxos trompeteiros, e a gloria posterior dos elexidos. Gloria á que non lle falta a música de gaiteiros, que aparecen nun nervio da mesma ábside. Igualmente, nalgún canicelo da mesma igrexa aparecen anxos que tanxen instrumentos de corda. Na táboa que representa o Nadal do retablo de Santa María do Azouge, os pastores tocan o caramillo no momento de recibí-la mensaxe dos anxos.

Lembranzas medievais, quen sabe se mesmo precristiáns, traen as danzas dos gremios das que aínda vemos nas festas de San Roque as de labradores e de mariñeiros, mareantes, como se di nas fontes antigas. Nesta última acompañados do "gamachiño", figura do demo, quizasbés pervivencia das danzas rituais dos chamanes-magos prehistóricos, que como di Vales Villamarín:



"Facendo garatuxas, mil acenos...
Asaña bs danzaríns e bs da bandeira...
coa súa bufonesca brincadeira.
E estala en estrondosas gargalladas
b bater cos cornechos na moleira
dalgun dos que contemplan as bailadas."

E xa desaparecidas, non esqueceremos, é máis, desexamos a súa recuperación, as danzas de xastres (alfaiates) e zapateiros, que adornan os seus vestidos con cunchas de peregrino.

Temos que lembrar tamén a tradición do Turito que coas súas melodías avisaba bs cofrades na véspera da Inmaculada, sempre escoltado polas bromas dos rapaces que lle seguían.


O vello Rilo, un dos antigos gaiteiros galegos máis coñecidos, b que vemos gañando concursos de gaita en Santiago ou tocando para as danzas gremiais a principios de século en Betanzos.

As críticas coplas e, se cadraba, mesmo mordaces do enterro da sardiña como remato do entroido. As regueifas nas esfolladas do maíno ou nas fiadas do liño.

A tradición legada pola decimonónica, e hoxe recuperada, Banda Municipal. E a música feita paisaxe urbana no espléndido palco do Cantón.

Todo isto e moito máis. Todo isto e máis sinxelo aínda porque a tradición musical é tamén a das coplas que cada quen sabe porque alí algunha vez as escoitara. Todo isto virá a estas páxinas.

JULIÁN FERRER



Acontecementos sociais

O venres día 20 do mes de febreiro, presidido polo Exmo. Sr. Alcalde tivo lugar no axuntamento desta cidade a presentación do libro "Espacio e vida na cidade galega, un enfoque antropolóxico". Libro elaborado por uns estudantes da Universidade da Coruña, sendo o seu traballo dirixido e coordinado polo profesor e catedrático de dita universidade José Antonio Fernández de Rota.

O libro presentado tratase de un estudio sobre o uso dos espazos nas cidades o longo do día, e o longo do tempo, en algunhas das vilas que contempla dito traballo. O traballo sobre Betanzos está elaborado polo director, e dicir, polo profesor Fernández de Rota.

A presentación deste traballo foi realizada por un eminente antropólogo, profesor da Universidade Complutense. Trátase de Carmelo Lisón Tolosana, que nunha brillante presentación falounos de dous superlativos; segun di el serían a cidade de Betanzos e o profesor Fernández de Rota, e que a conxunción de ditos superlativos da lugar a este traballo; traballo que será completado próximamente na presentación dunha monografía máis ampla sobre a nosa cidade.

O libro presentado trata da ocupación dos espazos en Betanzos e noutras vilas coma Fisterra, Fonsagrada, Mondoñedo, Noia, As Pontes e Ribadabia. Remata o traballo cun análise comparativo.

Libro recomendado para toda persoa que sexa o suficientemente curiosa para ve-lo retrato da súa cidade, non soio o longo do día tal e como se pode ver, senón como eses espazos comúns foron usados en diversos momentos da historia. Pódense atopar toda unha sucesión de espazos, desde o máis humilde deica o máis noble. O texto fainos revivir e repasar eses lugares os que estamos habituados, pero que non valoramos e apreciamos deica velos reflexados, cousa que nos permitirá dalgun xeito entendernos e analizarnos quizais algo mellor.

Cortés

=====

Aunque un poco alejado en el tiempo de los propósitos de esta revista, no queremos dejar pasar por alto el nacimiento de un grupo artístico, que esperamos siga dando sus frutos en el futuro. "Rapsodas", nacido en el seno del colegio "Vales Villamarín", apareció por primera vez en nuestra ciudad a finales de junio de 1991, y tuvo la suerte de encontrar en su camino al "Grupo de jóvenes de Sto. Domingo" (hoy Lanzós), emprendiendo juntos un camino nada fácil, pero gratificante. La novedad de "Rapsodas" y la experiencia de "Lanzós" nos ofrecieron primeramente "A auga nas cantigas de amigo", de la mano de D. José Manuel Montero, profesor del Instituto "Fco. Aguiar", y, ya en el mes de diciembre del mismo año, un homenaje a dos insignes poetas españoles en su centenario: Fray Luis de León y San Juan de la Cruz. Si las cantigas tuvieron un magnífico presentador, estos dos poetas no fueron menos, y la voz de D. José Miguez, catedrático jubilado del Instituto "Fco. Aguiar" de nuestra ciudad puso prólogo de honor a tan Magníficos versos.

Pero eso no fue todo. La unión de ambos grupos no sólo puso deleite en quienes participaron en sus recitales, sino que trajo sus frutos posteriores, en forma de AVELAÑA, avelaña que hoy emprende el vuelo y tienes entre tus manos.

Meléndez


o olo crítico

Nesta sección queríamos adicar un espacío a eses exercicios de crítica que cada un realizamos sentados diante dun café, ou nesmo dando unha volta calquera día de festa.

Unha sección para reivindicar-lo noso derito a queixa e o desexo de que cambien moitas cousas, quizabes pequenas, mais coas que convivimos a cotío.

Velaí vai e a quen corresponda.


- O noso "petaleo", nunca mellor dito, polo labor do cabalo de Atila que no último entroido esnaquizou cos seus cascos unha das "piráides" que o concello emprega para fixa-los carteis anunciadores das actividades culturais.




- Non estaría de máis renovar-lo mural no que se anuncian os actos que se desenvolven na aula de cultura. Nas súas orixes viase algo, hoxe apenas. Parécenos moi pouco apropiado para o local e os actos ós que convoca.




- Os que viven en "A Condesa" haberíalles que concederlle-lo título de "arriscados-transeúntes" por ter que circular dende a ponte do Mendo ata as súas casas sen dispor de beirarrúas (aceras) e xogándose o tipo ante os vehículos que abondosamente transitan a cotío polo cruce Betanzos, circunvalación, Curtis, Santiago.



- Betanzos é unha cidade que pode ofrecer unha chea de edificios artísticos coma poucas vilas. Sen embargo, agás no verán, lóxicamente, o turista non atopa en Betanzos un folleto turístico a man. Tería que ir pedi-lo ex-profeso ó Concello. Amplia-los lugares onde se poiden atopar é a nosa proposta: igrexas, establecementos céntricos (bares, cafeterías...), kioscos.



- Un tería ganas de criticar ós rapaces con bicicletas, monopatinos ou pelotas que xogan no Campo con perigo para os outros transeúntes. Mais o certo é, que non é deles, senón do Concello que non parece preocuparse polo establecemento de espazos de esparcemento para os rapaces.



Paseamos por

Estas liñas pretenden ser, máis que nada, unha proposta, unha invitación ó paseo e ó redescubrimento das paisaxes familiares e cercanas. Pero desde esa perspectiva que dá "camiñar polas paisaxes" mellor que recorrelas no automóbil. Só se nos acorda outra forma de viaxar axeitada a estes obxectivos, a bicicleta.


O itinerario que suxiro parte das portas da antiga muralla da cidade de Betanzos, que ollan ó río Mandeo, a "Porta do Cristo", ou "da Ribeira" e a "porta da Ponte Vella". Delas e da rúa que as une por dentro da muralla e das casas medievais, orgulloso resto do vello Betanzos, que nos ensinan os seus arcos conopiais, os seus escudos, seus fornidos sillares de granito.

Cruzámo-la porta sobre o Mandeo e enfilamos á esquerda por un estreito e sombrío calexón que nos leva, paralelo á ría, ata Caraña de Abaixo. Alí agárdannos restos dunha vella fábrica de curtidos, e sobre todo, indo río arriba esperanos unha chea de vellos muíños. Unha fonte refresca o noso paseo, e un pouco máis alb un muíño coa súa eira diante do mesmo, que nos lembra a canción "*Unha noite na eira do trigo ó refreixo dun branco luar...*"

Pouco máis arriba agárdannos, recostadas nunha parede, coma se estivesen a descansar dun duro traballo dúas pedras albeiras, que eran algo así como a "aristocracia" das pedras de moer. Viñan de Francia e empregábanse exclusivamente para o trigo.

Seguindo o sendeiro e, ó remate, entre casas chegamos a estrada de Ferrol. Neste punto pódese voltar un pouco para atrás e toma-la estrada de Velouzás, ou, ben entrar polo grupo de casas de Caraña do Medio, e saír logo a xa citada estrada.

Quizá sexa este o anaco menos agradable para o paseo xa que temos que ir por unha estrada, pero andaremos ata a parada do autobús, que coincide co cruce da estrada que ven dos Remedios e do cemiterio.



Igrexa de San Martiño de Tiofre.
Século XII. Vista dende a bside

A esa altura, á esquerda nace unha pequena desviación que baixa empinada cara o regato (semella que non queremos deixa-los muiños), e logo ascende por unha acusada pendente, na outra beira.


Tal camiño diríxese ó lugar de Tiobre, Betanzos o Vello, onde seica se atopaba o antigo emprazamento de Betanzos.

Alí atopamos unha espléndida vista da cidade, da ría, de todo un entorno, que dende alí cobra o ar máxico da fotografía aérea.


E alí atopamos, sobre todo, a igrexa románica de remates do século XII de San Martiño de Tiobre. Agás nas horas de celebracións relixiosas é ben raro atopala aberta, aínda que ben merece a pena entrar nó recollimento dunha igrexa pequena con indubidable sabor a inxenuidade e a ruralidade. Por fóra cabe suliñar a pequena fiestra do ábside, as cruces antifixas sobre o tellado do mesmo e o pequeno rosetón sobor del. E o adro que invita a sentarse e disfruta-las caricias do sol primaveral.

A volta tanto por Tiobre cara á ría, como polo outro lado cara ó Pazo da Xerpe son un agradable descenso, quizais o único problema sexa ser todo por estradas.

"O viaxeiro errante"



para leer,



para ver

Hace años tuve la suerte de conocer a Antonio Gala personalmente. Eramos un grupo de aficionados al teatro y él, autor, quiso rener un contacto verbal con nosotros. Las horas que pasamos juntos fueron muy agradables. Es un magnífico conversador, ingenioso y agudo. Por aquellos años aún no demasiado famoso (corrían los 60), se le notaba ese deje amargura juvenil, esa acidez que flota en las palabras cuando uno no ha madurado del todo, y el mundo que le rodea lo ve como más amargo. Tampoco, es cierto, le favorecía nada esa visión su juventud, aún cercana, heredera de una guerra civil, ni el momento político que vivíamos, con el que estaba en total desacuerdo. Pero todo ello no le impedía ser ingenioso, dicharachero, típico producto andaluz, ilustrado por los conocimientos adquiridos. Lo cierto es que su conversación atraía, lo mismo que su personalidad, aunque todo ello favorecido por los pocos años que yo llevaba en el mundo.

Una de las cosas que saqué en limpio de ese contacto esporádico con el que hoy es famoso literato, es el seguimiento de sus obras. Me hice adicto a ellas, a sus artículos y, aunque confieso no conocerlos todos, bastante he leído de él.

Siempre le he conocido como autor de teatro y articulista, pero hace una temporada cayó en mis manos una de sus últimas novelas, "El manuscrito carmesi". Como es lógico comencé su lectura. Me atrajo inmediatamente. Volví a ver a Antonio Gala con quien conversé en fugaces instantes, aunque más maduro, y mezclado un poco con la imagen que ahora lleva consigo. Porque Boabdil es Gala en sus diversas facetas, al menos para mí. Se mueve en un ambiente histórico diferente; es un personaje real, que amó y sufrió, pero algo de Boabdil penetró en Gala, y algo de Gala en Boabdil.


El libro nos presenta la vida de este último contada por él mismo. Todas las intrigas que en aquel momento había para ocupar el trono de Granada, y que los cristianos usaban para su conquista.

Sin embargo creo que no es lo fundamental en el libro. Lo importante es Boabdil mismo, su persona, su capacidad de sacrificio y amor, y una defensa de lo que la cultura árabe supuso para España.





para oír



Si durante muchos años el pueblo español ha hablado de "los moros", y enarbolado la bandera de nuestro patrón gallego en su contra (a quien creo no le favorece nada esa denominación de "Santiago Matamoros"), en este libro podemos verlos tratados con el cariño que se merecen, como una civilización que nos ha aportado mucho, y a la que en su época dominadora se la tuvo en más consideración que posteriormente.

La historia es una , pero con muchas lecturas. La que en " El manuscrito carmesí" nos presenta Gala de la relación hispano-árabe creo que hace justicia a ambos bandos, sin perjudicar a ninguno, aunque quizá se incline algo a lo que es su tierra andaluza. Lo que sí es cierto, es que Boabdil no aparece como el bufón que nos presentaron en nuestros libros de historia, cuajado de lágrimas en su abandono de Granada, sino como un hombre que supo afrontar sus

circunstancias. La lejanía acerca, el tiempo madura los juicios, y quizá hace justicia, pone en su punto exacto, a personajes que en ciertos momentos históricos nos han sido presentados de una manera desvirtuada.

Mi propósito al contar esto no ha sido hacer un panegírico de Gala y su obra, ni mucho menos intentar una crítica del libro. Lo que pretendo es, simplemente, animar a la lectura del mismo, adentrarse en ese mundo tan lejano muchas veces para nosotros, y tan interesante. Son breves apuntes de mis impresiones personales, cuyo valor es solamente, el de ser personales. Es lo que quisiesemos que fuese esta

sección, una muestra de lo que alguien piensa sobre algo: un libro, un acto cultural, una pieza de música, una obra de arte, una manifestación deportiva...; Tantas cosas que nos agradan y podemos disfrutar más de uno de ellas!. Hoy nos ha tocado a un libro y a mí; mañana será....

MELÉNDEZ

Noticias

No noso pobo dende hai xa algún tempo veñen tendo lugar un abano de diversas posibilidades culturais a nosa elección; dende obras de teatro ata exposicións de esmaltes, fotografía e pintura, pasando por saídas ecoloxistas e, naturalmente, concertos a cargo da nosa recente recuperada banda municipal.

Escozamos este ano cultural, lúdico e deportivo, no mes de Xaneiro, no que tivemos ocasión de ver unha magnífica representación teatral da obra "Ocasos", baseada no "Argaménon en Aulide", de Manuel Lourenzo, e "Clitemiestra ou crime", de Marquerite Yourcenar, unha produción do teatro Atlántico. Este espectáculo é unha visión contemporánea e particular dos dramas de Agamenón e Clitemiestra, foi a posta en pé dun drama humano condensado que nos aclara as paixóns extremas dos individuos. Representouse na aula Municipal de Cultura o día 18 dese mes. O día seguinte tivo lugar na xa citada aula un baile da terceira idade, amenizado pola Orquesta "Cuidad de La Coruña", onde tan só os pertencentes a esta idade xunto con algunhas personalidades desta cidade, puideron disfrutar dunha maravillosa velada, que deberían repetir máis a miúdo.

Pasamos pois o mes de febreiro. A pesar da súa brevedade estivo cheo de todo tipo de actividades. A primeira, que vai dende o venres 7 ó venres 21 de febreiro, é unha exposición dos planos e fotografías dos monumentos máis significativos do concello, que nos permite facer un percorrido polos monumentos máis destacados da cidade e arredores, dende unha nova perspectiva, como pode ser a igrexa de San Martiño de Tiobre, igrexa conventual de San Francisco, igrexa de Santa María do Azogue, igrexa de Santiago, escolas municipais Jesús García Naveira e o Pasatempo, entre moitas outras. Tempo e traza foi coincidente co ciclo de conferencias: "Aspectos varios do pasado Brigantino IV"; onde tivemos a oportunidade de aprender cousas da nosa cidade e raíces. O primeiro día houbo unha presentación do ciclo a cargo de P.X. Río Varja; ese mesmo día (o martes 11), X. Carrotero presentou Betanzos no camiño de Santiago. O día 12 A. Erias Martínez conferenciou sobre: "Alguns aspectos do traxe utilizado pola muller galega nos séculos XIV e XV". O xoves A. Rodríguez González presentou "A cidade de Betanzos e o seu entorno a finais do S. XVI.". E por último, o venres 14 B. Vaquero Lastres despediuse con "A sociedade de Betanzos no S. XVIII: a vida cotiá".

Do 14 de febreiro ó 1 de Marzo o xoven prodixio Job Sánchez espuxo as súas obras a carboncillo, pastel e oleo na sala de exposicións da Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva de Betanzos.

Do 19 ó 22 deste mes puidemos disfrutar na casa da Xuventude o terceiro curso de Ornitoloxía. Como xa ven sendo habitual nestas datas, tivemos a ocasión de coñecer os paxaros da nosa zona baixo o punto de vista dos especialistas, que fixeron deste curso unha apaixonante viaxe, acompañados dos nosos paxaros, no que puideron embarcar os nenos e os maiores. O curso rematou cunha breve saída, para poñer en práctica os coñecementos adquiridos, o día 22.

O día 21 na aula Municipal de Cultura o grupo Avelaiña, formado polos xóvenes actores do colexio "Francisco Vales Villamarín", representou "El Raterillo" de Laura del Olmo; estes nenos mostraron as súas aptitudes interpretativas baixo a dirección de Daniel Martínez, mestre deste centro.

Así é como remata o mes de febreiro; e comenza o mes de Marzo co antroido, que foi do 2 ó 4. O luns tivo lugar un concurso actuación de comparsas no escenario situado na "acera das viúvas". O martes poidemos ver unha esperpéntica variedade de disfraces feitos e mercados, orixinais e de sempre, que desfilaron pola pasarela, no concurso de disfraces, no que se premiou ós máis vistosos que ían, por grupo ou individuais. Como despedida do Antroido 92, o mércores celebrouse o "enterro da Sardiña", con velatorio no Liceo dende as 4 h; as 7:30 foi a saída procesional da Escola Taller e a recollida do defunto ensardiñado ás 8, no Liceo. Tivemos a ocasión de ver nestes momentos os cabezudos, grupos de Gaitas, variedade de disfraces, planadeiras, e viúvas da Sardiña, rainha e danas do Antroido, e como non, a tradicional banda.

Do día 12 o 24 deste mes, no edificio arquivo poidemos disfrutar dunha exposición de fotografías a cargo de Xurxo Lobato, acompañados de poemas de Cesar A. Molina, titulada "El fin de Finisterre, viaje a Costa da Morte". A exposición en Branco e negro, tanto poemas coma fotos, foi de moita calidade, e mostrou os aspectos oscuros da nosa cultura e tradición.

Nas mesmas datas celebrouse a exposición "esmaltes al fuego," a cargo de María Teresa Pereira Díaz, Asunción Pérez Yañez, Angeles Arijón Doporto e Carmen Ruiz Otero. Esta fantástica exposición con mostras de calidade artística é, ó contrario da anterior, todo un alarde de brillos, transparencias e colorido, na que o público puido disfrutar dunha materia valiosa, bela e difícil, na que só unha ollada penetrante revela a singular variedade, que foi presidida por unha maxistral representación do Cristo en tons azuis, que deixou namorado a moitos visitantes. Irrepetible.

E seguimos con exposicións. Do luns 16 o martes 31, no salón de actos da Escola Taller, Marina Pardo Manso espuxo as súas obras ó oleo, acuarelas, plumilla, pastel e lapis. Un dos problemas da exposición foi carecer de moita publicidade, pero a súa calidade foi recoñecida por todos os que alí acudiron, como podemos apercibir ó ler a introdución que lle adica Laureano Alvarez Martínez.

A nota discordante do mes foi, a que non foi. A paradoxa é sinxela; o concello programou do 28 ó 29 unha saída as ribeiras de Louro no programa "Vive a Natureza". Debido as inclemencias do tempo, das que supoñemos ninguén é responsable, esta anulouse. O feito deixou os "participantes" cun palmo de narices ó, seren avisados o día da saída de que esta ía ser posposta. E así remata o mes.

E comezou Abril. Unha super divertida obra que non ten comparación con outras no seu xénero. Acuechemi (Xemelgos), está baseada nunha obra de Plauto, que foi adaptada polos directores do grupo tetral "Sardiña", actualizándoa e acomodándoa os nosos intereses. É a historia do reencontro de dous xemelgos separados por un tráxico accidente. Realmente foi unha actuación que deixou entrever ós futuros triunfadores no xénero dramático, xogando principalmente e constantemente co absurdo. O público, na súa maioría xuvenil, quedou abraiado na espera de algunha posible secuela.

A continuación neste mes, o día 3, poidemos disfrutar dunha Xornada da Natureza a cargo da Escola Taller. En 1º lugar o profesor de esta escola J.L. Caamacho deu unha charla con proxección de vídeo sobor da protección vexetal. Logo, plantáronse árbores no recinto da escola, amenizado polo grupo de gaitas "Excm. Diputación da Coruña". Despois o presidente da asociación "Arco Iris", D. Francisco Sueiro deu outra charla sobre o "Medio ambiente e espazos naturais". Este mesmo día no colexio "Francisco Vales Villamarín" actúa o grupo de gaitas antes mencionado, plantándose árbores, e levouse a cabo a exposición de fotografías de módulos de xardinería e medio ambiente da E.T., adicada os traballos feitos por estas especialidades. Por último no paseo do malecón e no campo dos caneiros, aproveitando a ruta de senderismo, soltáronse faisáns e colines.

Maio, mes das letras galegas, florido é fermoso preséntase no eido da cultura.

Victoria e Inés

